



Fotografía Pedro Brey

PANO DE FONDO

O amplo período que vai da chegada do ferrocarril á chegada do Seiscentos supón unha importante modernización da sociedade galega, aínda que gran parte dela apenas se viu afectada por estes cambios. Pano de fondo constitúe un achegamento ao traballo do estudio fotográfico neste período, entendido nun sentido amplo que abrangue tanto o levado a cabo nas galerías fotográficas como o realizado no exterior cunha escenificación similar.

O tempo e as funcións asignados ás fotografías fan que se deterioren e envellezan, adquirindo un novo poder de evocación, posto que, en definitiva, se trata de obxectos que teñen vida propia. Cada fotografía é unha das múltiples interpretacións que permite unha placa fotográfica, variando en función dunha serie de criterios estéticos, técnicos, funcionais... As imaxes amosadas nesta exposición no seu momento tiñan características técnicas diferentes e funcións distintas. Agora, con técnicas actuais, abandonan o espazo privado para pasaren ao espazo público.

Comisarios: Manuel Sendón e X.L. Suárez Canal

Organiza: Novacaixagalicia

Fotografías de Pedro Brey, Ramón Caamaño, Foto Chao, José Domínguez (O Lucas), José Moreira, Maximino Reboredo, Jaime Pacheco, José Pacheco, José Samaniego, José Vidal

No Centro Sociocultural Novacaixagalicia de Ferrol,
do 22 de novembro ao 17 de febreiro



Fotografía Maximino Reboredo